



BASES DO CONCURSO



Quen

Podes participar se tes entre 6 e 18 anos e estás escolarizado en Galicia.

Cando

Poderás entregar os teus debuxos ata o 28 de febreiro de 2026.

Como

Podes facer debuxos en papel ou en formato dixital.

Os debuxos dixitais deberás envialos por mail a escolaencamino@prensaiberica.es ou escaneando o código QR.

Os orixinais podes entregalos da seguinte forma:

- En Faro de Vigo, en calquera das súas delegación ou na sede central de Chapela (neste caso 24 horas ao día); na sede de El Correo Gallego (Rúa Restollal, 32 – 5ª planta; Oficina 502) ou na sede de La Opinión A Coruña (Rúa Fonseca, 6 – 1º).
- Por correo postal a Avenida Redondela, 9. 36320 – Chapela (Redondela). Poñendo no sobre "Escola en Camiño".
- Entregando no teu kiosco habitual da provincia de Pontevedra un sobre que poña "Faro de Vigo. Escola en Camiño"

Os traballos que se entreguen de forma dixital deberán manter o mesmo formato que os físicos (segundo a lámina incluída na web do xornal) e ser conservados ata a resolución do xurado.

FARO DE VIGO, EL CORREO GALLEGO e LA OPINIÓN A CORUÑA resérvanse a propiedade dos traballos presentados e o dereito a publicalos integramente ou en parte. Os orixinais non serán devoltos en ningún caso.

A participación faise a nivel individual, aínda que o premio terá carácter colectivo para a clase na que estea escolarizado o alumno.

O xurado

O xurado estará composto por cinco persoas independentes que realizarán unha selección de traballos finalistas por franxas de idades, segundo as seguintes categorías:

- **Grupo 1:** 1º e 2º de primaria
- **Grupo 2:** 3º e 4º de primaria
- **Grupo 3:** 5º e 6º de primaria
- **Grupo 4:** 1º e 2º de ESO
- **Grupo 5:** 3º e 4º de ESO
- **Grupo 6:** 1º e 2º de Bacharelato
- **Grupo 7:** Educación Especial

Os gañadores daranse a coñecer nas páxinas dos 3 diarios de Prensa Ibérica en Galicia (FARO DE VIGO, EL CORREO GALLEGO e LA OPINIÓN A CORUÑA) e entregaranse os premios na Gala de entrega de premios de Escola en Camiño. Será obrigatoria a presenza dunha representación do centro educativo gañador para a recollida do premio. Na entrega de premios poderá proxectarse un resumo dos debuxos.

Os traballos

- O tema dos debuxos será o Camiño de Santiago, de técnica libre.
- Nos traballos deberán figurar: o centro escolar, as idades dos participantes e unha persoa que figure como responsable do traballo con nome, apelidos e teléfono de contacto (docente ou titor/a responsable do proxecto).
- Estes datos non serán utilizados con ningún fin alieo ao concurso.

A participación no concurso autoriza expresamente a exhibición dos traballos en calquera dos medios de Prensa Ibérica en Galicia (FARO DE VIGO, EL CORREO GALLEGO e LA OPINIÓN A CORUÑA).

Datos do/a participante

TÍTULO DO DEBUXO
NOME E APELIDOS CURSO
POBOACIÓN C.P.

DATOS DO/A DOCENTE E CENTRO EDUCATIVO

NOME DNI
TELÉFONO EMAIL
CENTRO EDUCATIVO

A firma da presente lámina autoriza:

- A participación no proxecto "Escola en Camiño".
- O tratamento da imaxe do/a autor/a e os traballos presentados en relación co devandito proxecto en calquera dos medios de Prensa Ibérica en Galicia.
- A asistencia á entrega de premios en caso de resultar gañador/a.
- A publicación en calquera das plataformas de FARO, CORREO GALLEGO e LA OPINIÓN de imaxes dos asistentes á entrega de premios.
- A comunicación cos centros educativos participantes a efectos dos diferentes proxectos educativos que os organizadores teñan ou poñan en marcha.